



16 XUN 2017

**ENTRADA**

Expte. AS 29/2017

**INFORME EMITIDO EN RELACIÓN ÁS OFERTAS PRESENTADAS AO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN POR LOTES DO DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓNS DE FORMACIÓN PROFESIONAL OCUACIONAL DO SERVIZO MUNICIPAL DE EMPREGO, NO ÁMBITO DA OBTENCIÓN DOS CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE.**

**ANTECEDENTES:**

**PRIMEIRO.-** Iniciouse o expediente que ten como finalidade a contratación do desenvolvemento de accións de formación profesional ocupacional do Servizo Municipal de Emprego, no ámbito da obtención dos certificados de profesionalidade (lotes 1, 2 e 3).

**SEGUNDO.-** O día 12 de xuño de 2016, recíbese notificación do acta de apertura dos sobres da documentación técnica do procedemento aberto para a contratación, na que se solicita a este servizo, a emisión dun informe previo á apertura das ofertas económicas, no que constarán debidamente motivadas, as puntuacións que se propoñan en función dos criterios obxectivos de adxudicación do procedemento que consten no prego de cláusulas administrativas particulares regulador do mesmo.

**TERCEIRO.-** De conformidade co disposto no apartado B da cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares que regula este contrato, no apartado de Criterios non avaliábeis aritmeticamente: "Sobre B referencias técnicas" no que se contempla a valoración da **metodoloxía de traballo e tarefas a realizar para a prestación da acción formativa, con ata un máximo de 3 puntos.**

Este criterio valorárase, con ata **un punto** cada un dos seguintes apartados:

- **Planificación do programa formativo**
- **Medios materiais utilizados**
- **Metodoloxía de avaliación da formación**

**CUARTO.-** Revisadas as seguintes ofertas sobre as referencias técnicas presentadas:

**Número un.-** Formaziona Sararte, S.L (lote 2)

**Número dous.-** Asociación Provincial de Empresarios de Hostelería A Coruña (lote 3)

**Número tres.-** Fundación Equipo Humano (lote 2)

**Número catro.-** Mayores Atención a la Dependencia, S.L (lote 1)

**Número cinco.-** Acmark Centro de Formación, S.L (lote 2)

**Número seis.-** Centro de Iniciativas Profesionales, CIP, S.L (lote 2)

**Número sete.-** Norformación, S.L (lote 2)

Desde o Servizo Municipal de Emprego realízase o seguinte

**INFORME:**

**Licitador número un: FORMAZIONA SARARTE, S.L. Presenta oferta para o lote nº 2.**

**Lote 2.: Formación para a realización de operacións auxiliares de comercio e reposición (250 horas)**

**Puntuación total: 2 puntos.**



**1.- Planificación do Programa:** Presenta os contidos estándar axustados á formación licitada. **0,25 puntos**

**2.- Medios materiais:** especifica os materiais didácticos individuais a entregar ao alumnado, así como os de uso colectivo a utilizar na aula de formación teórica e práctica. Presenta os medios colectivos específicos para o lote 2 (carretillas elevadoras). Como medio material innovador, presenta un espazo web privado como plataforma de xestión con acceso para o alumnado e o Concello. **0,75 puntos.**

**3.- Metodoloxía de avaliación da formación:** Presenta a metodoloxía evaluativa que utilizarán a través de avaliación individualizada, avaliación modular, avaliación do módulo de prácticas non laborais e da calidade da formación. **1 punto.**

**Licitador número dous: ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DE HOSTELERÍA A CORUÑA.**  
Presenta oferta para o lote nº 3

**Lote 3. Elaboración culinaria básica (260 horas)**

Puntuación total: **2,25 puntos**

**1.- Planificación do Programa:** Presenta os contidos estándar axustados á formación licitada. **0,25 puntos.**

**2.- Medios materiais:** Especifica os materiais didácticos individuais a entregar ao alumnado (manual formativo en formato papel e electrónico, set de escritura, guías didácticas ...), así como o material funxible de uso colectivo. Describe os medios *colectivos específicos para o lote 3* (aula polivalente, aula de cociña demostrativa, aula de comedor, cata e xestión, taller de bar e cafetería e taller de restaurante-bar). O persoal docente está certificado para impartir certificados de profesionalidade. Especifica os equipos de protección individual (EPI) a entregar ao alumnado. Como medio material innovador achegan un espazo web privado para a xestión íntegra do proxecto. **1 punto.**

**3.- Metodoloxía de avaliación da formación:** Presenta a metodoloxía evaluativa que utilizarán a través de avaliación individualizada, avaliación modular, avaliación do módulo de prácticas non laborais e enquisas de calidade da formación. **1 punto.**

**Licitador número tres: FUNDACIÓN EQUIPO HUMANO.** Presenta oferta para o lote nº 2

**Lote 2.: Formación para a realización de operacións auxiliares de comercio e reposición (250 horas)**

Puntuación total: **2,75 puntos**

**1.- Planificación do Programa:** Presenta os contidos estándar axustados á formación licitada. Descrición do programa con obxectivos xerais e específicos, contidos conceptuais e procedementais, así como actividades e carga horaria para cada módulo. Como contidos innovadores na planificación presenta a impartición de 2 seminarios de "inserción laboral, un "mediador empresarial" para a creación dunha bolsa de emprego para o alumnado e outras "medidas específicas de atención á diversidade.". **0,75 puntos.**



**2.- Medios materiais:** especifica os materiais didácticos individuais a entregar ao alumnado, así como os materiais de uso colectivo na aula: audiovisuais, multimedia e de apoio. Especifica e describe os recursos humanos a utilizar (equipo docente e equipo técnico). Especifica os medios colectivos específicos para o lote 2 (carretillas elevadoras). Especifica o Equipo de Protección Individual (EPI) necesario (protectores auditivos, luvas, botas, mergullador...). Como medios materiais innovadores presenta a guía "Recolócate 2.0: Guía de boas prácticas na procura activa de emprego co uso de novas tecnoloxías" e unha "Guía de Boas Prácticas en Prevención de riscos laborais en actividades auxiliares de comercio" e o alta do alumnado nunha "Plataforma de recolocación". **1 punto.**

**3.- Metodoloxía de avaliación da formación:** presenta o desenvolvemento das estratexias metodolóxicas, con diferentes tipos de agrupamentos e actividades didácticas, transferibilidade do proxecto e indicadores de impacto social. Presenta a metodoloxía avaliativa a través de avaliación individualizada, avaliación modular, avaliación do módulo de prácticas non laborais e enquisas de calidade da formación. **1 punto.**

**Licitor número catro: MAYORES ATENCIÓN A LA DEPENDENCIA, S.L.** Presenta oferta para o lote nº 1

**Lote 1:** Formación para a atención sociosanitaria ás persoas non domicilio (SSCS0108) con certificado de profesionalidade (600 horas).

Puntuación total: **2 puntos:**

**1.- Planificación do Programa:** Presenta os contidos estándar axustados á formación licitada. Descrición do programa formativo con obxectivo xeral, contidos por módulo e capacidades a adquirir en cada un dos módulos. **0,50 puntos**

**2.- Medios materiais:** especifica os materiais didácticos individuais (pen drive con materiais formativos, maletín, caderno, bolígrafos, ...), e de uso colectivo en aula homologada para o alumnado. Especifica e describe os recursos humanos a utilizar (equipo docente e equipo técnico). Presenta os equipos de protección individual (EPI) e os medios colectivos específicos para o lote 1 (para a mobilidade persoal, de rehabilitación funcional, de adaptación á vivenda...). **0,75 puntos.**

**3.- Metodoloxía de avaliación da formación:** presenta unha metodoloxía de avaliación baseada na asistencia do alumnado e na avaliación individual de capacidades e criterios que marca o certificado de profesionalidade para cada módulo formativo e unha avaliación da calidade do curso. **0,75 puntos.**

**Licitor número cinco: ACMARK CENTRO DE FORMACION, S.L.** Presenta oferta para o lote nº 2

**Lote 2.:** Formación para a realización de operacións auxiliares de comercio e reposición (250 horas)

Puntuación total: **2,25 puntos:**

**1.- Planificación do Programa:** Presenta os contidos estándar axustados á formación licitada. Descrición do programa formativo con obxectivo xeral e contidos por módulo. Como contidos



innovadores na planificación presenta un sistema tutorial post-curso e de apoio vía correo electrónico. **0,75 puntos**

**2.- Medios materiais:** especifica os materiais didácticos individuais a entregar ao alumnado, instalacións e materiais de uso colectivo nas aulas (pizarra, rotafolios, proxector...). Especifica e describe os recursos humanos a utilizar (equipo docente e equipo técnico). Entrega de equipo de protección individual (EPI). **0,5 puntos.**

**3.- Metodoloxía de avaliación da formación:** presenta unha metodoloxía de avaliación individualizada do alumnado durante o proceso formativo na aula (inicial e continua), avaliación modular, e avaliación no período de prácticas en empresas e da calidade da formación. **1 punto.**

**Licitador número seis: CENTRO DE INICIATIVAS PROFESIONAIS, CIP, S.L.** Presenta oferta para o lote nº 2

**Lote 2.: Formación para a realización de operacións auxiliares de comercio e reposición (250 horas)**

Puntuación total: **1,75 puntos**

**1.- Planificación do Programa:** Presenta os contidos estándar axustados á formación licitada. Descrición do programa formativo con obxectivo xeral e desenvolvemento dos contidos e actividades para cada módulo formativo. **0,5 puntos**

**2.- Medios materiais:** especifica os materiais didácticos individuais a entregar ao alumnado, e de uso colectivo na aula (equipos informáticos). Presenta o medios colectivos específicos para o lote 2 (carretillas elevadoras, transpalet...). Establece o perfil curricular do docente. Como medio material innovador especificase o acceso do alumnado a unha plataforma Moodle como apoio á formación. **0,75 puntos.**

**3.- Metodoloxía de avaliación da formación:** presenta unha metodoloxía de avaliación individualizada do alumnado durante o proceso formativo na aula (inicial e continua), avaliación modular. **0,5 puntos.**

**Licitador número sete.- NORFORMACIÓN, S.L.** Presenta oferta para o lote nº 2

**Lote 2.: Formación para a realización de operacións auxiliares de comercio e reposición (250 horas)**

Puntuación total: **2,25 puntos**

**1.- Planificación do Programa:** Presenta os contidos estándar axustados á formación licitada. Descrición do programa formativo, con obxectivos e contidos por módulos. Presenta cronograma do curso. Como contidos innovadores na planificación presenta a impartición de 1 seminario sobre vías de inserción a través desta formación e unha visita didáctica. **1 punto.**

**2.- Medios materiais:** especifica os materiais didácticos individuais a entregar ao alumnado, así como medios e uso colectivo na aula (medios audiovisuais, multimedia..). Especifica os recursos humanos a utilizar (equipo técnico e equipo docente). Como medio material innovador inclúese o acceso do alumnado a unha plataforma web con titorías en liña. **0,5 puntos**



**3.- Metodoloxía de avaliación da formación:** presenta unha metodoloxía de valoración individual, modular e da calidade da formación. **0,75 puntos.**

### RESUMO DE PUNTACIÓNS POR LOTES:

Nº LOTE	Nº LICITADOR	LICITADOR/EMPRESA	PLANIFICACION Máx 1 pto	MEDIOS MATERIAIS Máx 1pto	AVALIACIÓN Máx 1 pto	TOTAL MAX. 3 PTOS
1	4	Mayores Atención a la Dependencia, S.L	0,50	0,75	0,75	2,00
2	1	Formaziona Sararte, S.L	0,25	0,75	1	2,00
2	3	Fundación Equipo Humano	0,75	1	1	2,75
2	5	Acmark Centro de Formacion , S.L (	0,75	0,50	1	2,25
2	6	Centro de Iniciativas Profesionales, CIP, S.L	0,50	0,75	0,50	1,75
2	7	Norformación, S.L	1	0,5	0,75	2,25
3	2	Asociación Provincial de Empresarios de Hostelería A Coruña	0,25	1	1	2,25

A Coruña, a 15 de Xuño de 2017

O Xefe do Departamento de Emprego

Emilio Lesta Casal